

# LIQUIDÁMBAR

## NOME CIENTÍFICO:

Liquidambar  
styraciflua

## CLASIFICACIÓN:

Reino: Plantae

División: Magnoliophyta

Clase: Magnoliopsida

Orde: Saxifragales

Familia: Altingiaceae

Xénero: Liquidambar

Especie: Liquidambar styraciflua

# DESCRICIÓN:

## O TRONCO



É unha árbore de tamaño medio a grande, de ata 20 a 35 m (excepcionalmente 41 m), cun tronco de ata 1 m (incluso máis de 2) de diámetro, ramificado desde a base con ramas máis ou menos patentas.

# AS FOLLAS



**As súas follas teñen de 5 a 7 lóbulos. Tamén son palmeadas. No verán, porén, é unha árbore con follas verdes. A estación máis difícil para esta especie é o inverno porque, ao ser unha árbore de folla caduca, perde a follaxe.**

# O FROITO



O froito pendular é composto, pesado, seco, globoso, de 2,5 a 4 cm de diámetro e con numerosas cápsulas biloculares cos 2 estilos e os seus estigmas persistentes e endurecidos. As ditas cápsulas ábrense mentres aínda están na árbore e as sementes son dispersadas por anemocoria mentres os froitos secan, escurecen e permanecen in situ durante moito tempo.



# HÁBITAT

Localízanse en ladeiras, e chairas montañosas formando bosques asociados a especies de *Quercus* e *Pinus*, ou formando masas uniformes.


Require solos arxilosos, profundos e ben drenados, aínda que tolera solos lixeiramente inundados e pesados.



# DISTRIBUCIÓN

É especialmente popular en California, onde se pode atopar en forma silvestre. Cultivado nas zonas tépedas de todo o mundo. Campos, bosques, chairas asolagadas, pantanos, ríos. En Estados Unidos crece en baixas e moderadas altitudes, mentres en México e Guatemala crece a maiores altitudes onde o clima tempérase.

En zonas temperadas de todo o mundo cultívase como ornamental.





# CURIOSIDADES:

O Liquidambar é unha planta que en cultivo non é especialmente difícil de manter, aínda que iso sí, para que isto se cumpra o clima debe de acompañar. Ademais crece ata os 20m, máximo 35 metros. É unha especie monoica.

A súa madeira ten gran variedade de usos e aplicacións como a fabricación de mobles, tabiques para pisos, sabas e contrachapado.

A súa resina, coñecida como estórax, úsase para fins cosméticos, alimentarios e medicinais.

Sofía Fernández Beiro



Manuel Luaces Caamaño